

CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA COA ASOCIACIÓN EUROPEA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS DURANTE 2025.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra.

E, doutra parte, D. Celestino Lores Rosal, Presidente da Asociación Europea dos camiños de Santiago, segundo acordo adoptado na Asamblea Ordinaria da AECS celebrada o 29 de marzo de 2025.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN:

1.- Que a Asociación Europea dos camiños de Santiago, CIF G94048717, figura inscrita co núm. 453 no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura dende o ano 2005, conforme ao establecido no RD 384/1996, tendo como fins, entre outros: o fomento e promoción da investigación de calquera materia relacionada cos Camiños de Santiago; a promoción e fomento da catalogación e recuperación do patrimonio integrante dos Camiños de Santiago, así como o seu coñecemento, conservación, protección e inclusión como patrimonio cultural europeo; organizar todo tipo de eventos e actos que faciliten o coñecemento ou difusión dos Camiños de Santiago; impulsar a creación de albergues, así como atender a súa xestión, coidado e funcionamento; etc. A Asociación, dende a súa constitución, leva a cabo unha serie de actividades de promoción do Camiño de Santiago, en especial do Camiño Portugués que ten o seu paso por Pontevedra, ademais de ser a encargada do mantemento do Albergue de Peregrinos "Virxe do Camiño" de Pontevedra, estas actividades, e outras, merecen o recoñecemento e apoio da institución municipal dado o seu interese para a cidadanía pontevedresa e utilidade pública das mesmas.

2.-Nestas atribucións de índole cultural, a propósito da competencia de promoción e instalacións culturais e incluso de turismo local, o Camiño de Santiago como tal, foi declarado Conxunto Histórico-Artístico polo Decreto 2224/1962, de 5 de setembro (BOE do 7/9/1962) quedando sometido ao réxime da Lei 16/1985, de 25 de xullo, do Patrimonio Histórico Español (LPHE) e a xa derogada Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, cuxa Disposición Adicional 1ª establecera a súa nova denominación de Bens de Interese Cultural (BICS), someténdoo ás condicións xurídicas establecidas en tales normas para eses bens. Destacar o marco espacial do Camiño de Santiago, composto de diferentes itinerarios, entre eles o





propio Camiño Portugués que nos ocupa e que descorre por este Municipio, resulta de aplicación a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCGA), tamén do Decreto 245/1994, de 23 de xuño, de regulación de actividades e proxectos para a declaración de interese para a promoción do Camiño de Santiago, do Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, e mesmo do Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

Concretamente, ao paso deste Camiño polo Municipio de Pontevedra encóntranse diferentes bens incluídos dentro do Catálogo de Edificacións e Elementos a Conservar do Rural, definitivamente aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 28/04/1994; así mesmo, dicir que o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, establece no seu artigo 66.3 que os Camiños de Santiago, identificados e grafados en forma terán a consideración de territorios históricos, e quedaban tales bens incluídos no Inventario xeral dese patrimonio galego, estando baixo a responsabilidade dos Concellos e da Consellería de Cultura que ademais autorizaría calquera intervención que lles afectase, e concretamente no caso das rúas do Centro Histórico ou Barrio Antigo de Pontevedra incluídas no Camiño de comentario, sendo este Barrio declarado Conxunto Histórico-Artístico por Decreto de 23 de febreiro de 1951 (BOE de 7 de marzo) e sometido así ao réxime da LPHE e LPCGA de 1995, cuxa Disposición Adicional 1ª estableceu a súa nova denominación de Bens de Interese Cultural, recollendo unha similar Disposición da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 2016 que eses bens de Galicia que tivesen a condición de BIC'S con anterioridade á entrada en vigor desa lei manterían esa consideración, quedando sometidos ao seu réxime xurídico.

3,- Pola súa parte, o Municipio, ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos das lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, exercendo en todo caso como competencias propias a promoción da actividade turística de interese e promoción da cultura; e a teor do recollido no artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 23, do Decreto de 17 de xuño de 1955, do regulamento de Servizos das corporacións Locais, estas poderán conceder subvencións a entidades cuxos servizos ou actividades complementen as atribuídas á competencia local. Neste senso, tamén é de aplicación o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións na que se establece o procedemento de concesión directa de subvencións e na Ordenanza Xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra aparece regulado dito procedemento nos artigos 36, 39 e 40 do referido texto, así como o indicado no artigo 36.1.a), referente ao carácter excepcional de determinadas subvencións.

En base a canto antecede e considerando o disposto no art. 255 da Lei 5/1997, e no art. 72 da Lei 7/1985 citadas, que determinan que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso as axudas económicas para a realización das súas actividades, e considerando tamén o establecido no art. 310 da Lei 5/1997 da Comunidade Galega e no art. 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, respecto que as Entidades Locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan





contrarios o interese público, ou ordenamento xurídico o aos principios de boa administración, acordan celebrar o presente convenio tendo en conta ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Pontevedra e a Asociación Europea dos camiños de Santiago, CIF G94048717, para o desenvolvemento de diversas actividades de promoción do Camiño Portugués durante o ano 2025.

Segunda.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER

A Fundación Camino de Santiago ten previsto que o custo total das actividades propostas ascenda a 19.000 euros, segundo o seguinte cadro.

ACTIVIDADES	Importe (€)
XIX Gala exposición "A Camelia no Camiño" (7,8 e 9 de marzo de 2025)	3.500
Camiño Taverneiro Valença-santiago: sábado 15 de marzo: primeira etapa: valença do minho-salvaterra sábado 5 de abril: segunda etapa: salvaterra- ponteareas sábado 26 de abril: terceira etapa: ponteareas- moscoso sábado 10 de maio: cuarta etapa: moscoso- carballedo sábado 24 de maio: quinta etapa: carballedo- codeseda sábado 7 de xuño: sexta etapa: codeseda-couso sábado 4 de outubro: septima etapa: couso-santiago	5.500
XXIV Encontro de hospitaleiros/as do Camiño Portugués a Santiago (20 e 21 de setembro 2025)	10.000
Total custo estimado	19.000

Terceira.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O presente convenio de colaboración ten unha vixencia limitada ao presente exercicio dende o mes de Marzo 2025, ata o mes de outubro 2025.

O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello sendo a data límite para a presentación da conta xustificativa o 31 de outubro de 2025.

Cuarta.- FINANCIAMENTO





O Concello de Pontevedra, a fin de colaborar na financiamento dos gastos orixinados polas actividades relacionadas nesta estipulación, comprométese a achegar a cantidade total de 9.500,00 euros, en concepto de subvención, con cargo a aplicación orzamentaria na partida 08.432.0-489.02, tendo en conta que o importe subvencionado non poderá exceder do 50% do custe de cada actividade, segundo se establece no artigo 5.g) da Ordenanza xeral de subvencións.

En canto a achega municipal sinalar que se ben a aplicación orzamentaria 08/4320/48902 CONV. ASOCIACIÓN EUROPEA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO figura contemplada no estado de gastos do Orzamento Xeral para 2025 polo importe de 9.500€.

O PES municipal, con CSV AKJGV5B8CMZN1HR5, aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 23/11/2023 polo período 2023-2025, contempla a subvención no seu Anexo I e na súa ficha 028, como desenvolvemento dos seus obxectivos 7 ou de crecemento económico e de promoción da cidade, e 5 ou de dinamización cultural, recolle unha liña de subvención denominada como “convenio coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago para a promoción do Camiño Portugués ao seu paso por Pontevedra”, e Con data 26/03/2024 e mediante un novo Decreto de Alcaldía aprobouse a actualización do Anexo I do PES onde non figuraba a ficha número 30 relativa a esta subvención, posteriormente por Decreto de Alcaldía de data 12/07/2024, procedeuse a Aprobar a modificación do Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello, documento co CSV C4OAIWWUW4N71WZP concretando as fichas co detalle por liña de subvención de cada área competencial, segundo o contido establecido no artigo 12 do RXS, incluíndo co numero 37 a liña “Convenio coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago para a promoción do Camiño Portugués ao seu paso por Pontevedra”.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade a desenvolver pola beneficiaria.

A subvención será aboada tras o desenvolvemento das actividades e a realización da totalidade do gasto, previa presentación pola fundación da conta xustificativa, conforme aos artigos 19 e 20 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, segundo o detalle sinalado na cláusula 2ª.

Quinta.-XUSTIFICACIÓN

A xustificación realizarase mediante a presentación, no rexistro electrónico do concello, da seguinte documentación:

- **Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal** e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- **Conta de ingresos e gastos da anualidade**, incluíndo relación desagregada de tódolos ingresos que financiaron a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).
- **Memoria económica asinada electronicamente dos gastos incorridos**, cos xustificantes de pago dos





gastos incorridos, á que se xuntaran as copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social) indicando na táboa o nome da empresa, CIF, data, o número de factura eo IVE e deberá indicarse o importe que se imputará á subvención (total/parcial).

A parte do gasto das actividades non subvencionada xustificarse con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que a actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

Segundo o artigo 18 da Lei 11/2021 de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, as facturas por importe igual ou superior a 1.000,00 € deberán acompañar o xustificante de pago bancario.

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente.

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Europea dos Camiños de Santiago deberá comunicar ao Concello de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, supere o 100 % dos custos subvencionables.

A Asociación Europea dos Camiños de Santiago, a teor do disposto no art. 189 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, queda obrigada a acreditar antes da súa percepción que se encontra ao corrente das súas obrigas fiscais co Excmo. Concello, así como xustificar a aplicación dos fondos recibidos.

Sexta.- OBRIGAS

a) A Asociación proverase das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, e porá en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento das mesmas, no suposto que non resulte preciso a obtención da licenza municipal.

b) A entidade beneficiaria comprométese á subscribir unha póliza de responsabilidade civil pola realización das actividades que se relacionan na cláusula segunda deste convenio.

c) A Asociación comprométese a facer constar no material que utilice e anuncios publicitarios que efectúe a colaboración económica do Concello de Pontevedra, facéndose constar a obrigatoriedade do uso do idioma galego na difusión do evento.

d) Asociación Europea dos camiños de Santiago unicamente poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non exceda do 50 % do importe da actividade subvencionada, e segundo o artigo 17 OXS, en ningún caso, se





poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido. As facturas cumprirán coas prescricións do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Sétima.- CAUSAS DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO OU RESOLUCIÓN DO MESMO.

A modificación do convenio, de producirse, debería ter lugar nos termos dos artigos 64 e 86 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), que desenvolven o artigo 17.3.l) da Lei, cando ás bases reguladoras que conteñan as circunstancias que, por mor da alteración das condicións consideradas para o outorgamento da axuda, poidan orixinar a citada modificación. A mesma requirirá da autorización da Autoridade municipal concedente e previa á súa realización, calquera modificación que afecte ás condicións técnico-económicas disposta na concesión da axuda, debendo tamén engadirse que a solicitude terá que presentarse pola beneficiaria antes de que conclúa a actividade e que non se afecte a dereitos de terceiros.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as recollidas no 50 da lei 40/2015 de 01 de outubro de 2015 de Réxime Xurídico do Sector Público:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
4. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A modificación do presente producirase por acordo das partes, una vez reunida a comisión mixta e paritaria, e sempre que non afecte as condicións esenciais do mesmo, de seren así debida ser sometidos os cambios o correspondente tramite administrativo para a súa aprobación.

Octava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Pontevedra pola Concelleira delegada e pola Asociación Europea dos Camiños de Santiago polo Presidente da entidade ou persoa na que delegue. Poderán asistir, a petición de calquera das partes asinantes, un ou varios técnicos da administración local.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Novena.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS, INFORMACION, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA.

As partes se obrigan ao cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de protección de datos, en concreto, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos no que resulten de aplicación, con advertencias sobre o tratamento, medidas organizativas e técnicas e deberes de reserva e segredo, segundo a normativa sectorial reguladora desta materia.





Seguindo o criterio que determina que as entidades concedentes de subvencións deben remitir á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), a información sobre as convocatorias e resolucións de concesión de subvencions, xa que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións (artigo 18 LXS). Faise constar a obriga de publicidade activa no Portal de Transparencia esixida polo artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, e polo tanto para producir efectos xurídicos publicárase de conformidade co artigo 20.8 da LXS, indicándose expresamente esta obriga nas presentes bases reguladoras

Decima.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO.

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaránse os principios da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas polo Concello de Pontevedra poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso -administrativo, sendo competentes para coñecer das cuestións litixiosas os Órganos da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar e data indicado ao comezo.

O Alcalde,

O Presidente da Asociación,

Miguel Anxo Fernández Lores.

Celestino Lores Rosal.

